

**ACTA Nº 13/2015
DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO
MUNICIPAL
- DIA 30 DE XULLO DE 2015 -**

Marxe que se cita:

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:02 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal ordinaria.

ASISTENTES

Presidente:

ADOLFO F. MUÍÑOS SANCHEZ.- BNG

Concelleiros/as:

ADELINA CES QUINTÁNS.- BNG
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO.- BNG
XUSTO XOSE ORDOÑEZ OTERO.- BNG
TOBIAS BETANZOS REGO.- BNG
RAQUEL GARCIA ABUIN.- BNG

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN.- PP
JOSÉ NORBERTO UZAL TRESANDI.-PP
ELISA BOUZAS VICENTE.- PP
Mª JESUS GALBAN TEIJEIRO.- PP

Mª CARMEN FIGUEIRA ARES.- PSOE
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES.- PSOE
BEATRIZ LAFUENTE PIMENTEL.- PSOE
Mª DEMELSA IGLESIAS COLLAZO.- PSOE

ANTONIO CASTRO CASTRO.- R.COMÚN-SON
JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ.- R.COMÚN-SON

Concelleiros ausentes:

(pendente un membro do PP)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do número legal), polo Sr. Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DIA

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

2º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

3º.- DACIÓN DE CONTA DA OPCIÓN COMO CONCELLEIRO E ALCALDE DE DON ADOLFO F. MUÍÑOS SÁNCHEZ E O PASE Á SITUACIÓN DE SERVIZOS ESPECIAIS.-

4º.- SOLICITUDE Á XUNTA ELECTORAL CENTRAL DE CREDENCIAL PARA SEGUINTE MEMBRO DA LISTA DO PP.-

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL Nº 7/2015

6.- PROPOSTA DE FESTIVOS LOCAIS 2016

7º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Acta Nº 11 Sesión Extraordinaria do día 09 de xullo de 2015.

A Presidencia preguntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, queda APROBADA a acta citada por unanimidade dos presentes.-

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/04/2015 ata o 30/06/2015, que comprenden os números 186/2015 ao 356/2015, cuxa relación facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 8 da Sesión ordinaria do día 13/04/2015
- Acta Nº 9 da Sesión extraordinaria urxente do día 30/04/2015
- Acta Nº 10 da Sesión extraordinaria do día 18/05/2015
- Acta Nº 11 da Sesión ordinaria do día 08/06/2015
- Acta Nº 12 da Sesión extraordinaria do día 10/06/2015
- Acta Nº 13 da Sesión extraordinaria do día 10/06/2015

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

3.- DACIÓN DE CONTA DA OPCIÓN COMO CONCELLEIRO E ALCALDE DE DON ADOLFO F. MUÍÑOS SANCHEZ E O PASE Á SITUACIÓN DE SERVIZOS ESPECIAIS.-

Visto que en favor da Alcaldía adoptouse acordo na sesión do 09/07/2015 de asignación dunha dedicación exclusiva, e considerando que D. Adolfo F. Muíños Sánchez viña desenvolvendo a súa actividade como persoal laboral fixo do Concello de Santiago de Compostela, o que ocasiona unha incompatibilidade, tal e como determina o artigo 75 da Lei 7/85, de bases de réxime local, que indica:

<<1.- Os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, nese caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pagamento das cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo anterior.

No suposto de tales retribucións, a súa percepción será incompatible coa de calquera outra retribución con cargo ós orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes, así como para o desenrolo doutras actividades, todo isto nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.>>

Producida a causa de incompatibilidade co anterior acordo plenario, e sendo aceptada a dedicación en tanto o exercizo efectivo da Alcaldía dende o 13/06/2015 por D. Adolfo F. Muíños Sánchez, en canto continuidade ademais no desenvolvemento do posto, cúmprese co estipulado no artigo 75 LBRL RD. 2568/1986.

Cómpre lembrar que o apartado primeiro da parte resolutiva do mencionado acordo do pleno organizativo indicaba in fine que o interesado debía aportar a declaración do pase á situación administrativa de servizos especiais realizada polo órgano competente. Pois ben, consta no expediente:

- Decreto da Alcaldía de Santiago de Compostela do 01/07/2011 polo que se resolve: “*Declarar con efectos do día da data ó traballador municipal don Adolfo Muíños Sánchez en situación de servizos especiais por exercizo de cargo público representativo con dedicación exclusiva.*”

- certificado expedido polo vicesecretario do Concello de Santiago de Compostela o 07/07/2015 respecto da antigüidade na entidade do traballador e trienios, no que ademais se indica “actualmente en situación de servizos especiais por exercizo do cargo público representativo con dedicación exclusiva”.

En consecuencia, aceptada expresamente a dedicación exclusiva polo Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, este Pleno é coñecedor da INCOMPATIBILIDADE desta coa actividade profesional noutra administración pública, e toma razón da opción daquel polo desenvolvemento do posto en dedicación exclusiva.

4.- SOLICITUDE Á XUNTA ELECTORAL CENTRAL DE CREDENCIAL PARA SEGUINTE MEMBRO DA LISTA DO PP.-

O Sr. Alcalde expón que o día 22 de xullo finou o concelleiro desta corporación D. José Ricardo Besada Gesto.

Neste asunto faise saber que ao abeiro da Instrución da Xunta Electoral Central de 10 de xullo de 2003 sobre substitución de cargos representativos locais, débese poñer a circunstancia (renuncia, pasamento, incapacidade) en coñecemento do Pleno, remitíndose certificación do acordo adoptado á Xunta Electoral Central a efectos de proceder á substitución conforme ao disposto na Lei orgánica de réxime electoral xeral 5/1985, indicando o nome da persoa que a xuízo da corporación lle corresponde a vacante.

O artigo 182 da Lei 5/1985 prevé que en caso de renuncia, pasamento ou incapacidade dun concelleiro, o escano atribuírase ao candidato ou no seu caso, ao suplente da mesma lista a quen corresponda, segundo a orde de colocación.

A Xunta Electoral, unha vez recibida a certificación da Corporación local de toma de coñecemento do cese ou pasamento no cargo representativo local, expedirá a credencial acreditativa da condición de electo en favor do candidato a quen corresponda cubrir a vacante. Credencial que remitirá á corporación local da que aquel forme parte. A corporación notificaralla ao interesado, de xeito fidedigna, aos efectos do establecido pola normativa de réxime local.

Vista a lista electoral do PP nas eleccións municipais do presente ano, sendo esta á que pertence o renunciante, estímase que lle corresponde substituílo a D^a. CELSA MARÍA MIGUENS PEREZ, que figura no posto 6 desta.

Sínálase que, a renuncia do concelleiro xa posesionado na sesión constitutiva requirirá, unha vez tome posesión a nova concelleira, nova composición do grupo municipal do PP polo que o voceiro de devandito grupo deberá presentar o escrito do grupo asinado polos seus membros-

Polo exposto o Concello en Pleno toma razón e solicita da Xunta Electoral Zona, que se leven a cabo os trámites oportunos para a substitución do concelleiro finado por CELSA MARIA MIGUENS PEREZ, remitindo a esta corporación a credencial como tal.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL Nº 7/2015.-

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muñíos Sánchez, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

<<Vista a seguinte relación de facturas, que ascende a 23.903,30 €, e que quedou pendente porque son facturas de exercicios anteriores ó 2015 e con rexistro de entrada no concello no exercicio actual, corresponde iniciar a súa tramitación mediante recoñecemento extraxudicial.

RELACIÓN DE FACTURAS F/2015/37

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Nombre	Texto Explicativo	Prog	Eco	Importe Total
F/2015/319	07/01/15	201400104	30/12/14	Manuel Anxo Ordóñez Sayans	TRASLADO DO PISON O DIA 02-12-2014	454	22300	190,72 €
F/2015/321	07/01/15	P 408.667	31/12/14	Editorial Compostela (El correo Gallego)	ANUNCIO FIN DE ANO 2014 NO EL CORREO GALLEGO	9201	22602	1.210,00 €
F/2015/322	07/01/15	P 409.021	31/12/14	Editorial Compostela (El correo Gallego)	ANUNCIO APROBACION INICIAL PXOM 04-12-2014 O 04-02-2015	151	22602	72,60 €
F/2015/325	09/01/15	PV14-492	31/12/14	Editorial La Capital,S.L.	ANUNCIO ESPECIAL NADAL 2014	9201	22602	84700 €
F/2015/328	09/01/15	A 45475	31/12/14	Comercial Duarte, S.A.	ARRANXO MAQUINARIA DE OBRAS	171	21300	46,50 €
F/2015/331	09/01/15	002/15	09/01/15	Escola de Musica de Rianx	ACTUACION BANDA DA ESCOLA DE MUSICA DE RIANXO NA FESTA DE STA. LUCIA 2014 EN ASADOS	338	22609	1.080,00 €
F/2015/396	28/01/15	V/9125	31/12/14	E. Varela e Hijos, S.L.	MATERIAIS PARA O OBRADOIRO CUROTA	241	22114	64,66 €
F/2015/397	28/01/15	V/9124	31/12/14	E. Varela e Hijos, S.L.	MATERIAIS E LUCES DE NADAL 2014-2015	338	22199	209,87 €
F/2015/402	13/01/15	3/2014	31/12/14	Asociación Sociocultural Fogo Fatuo	ACTUACION NO AUDITORIO O 13-12-2014	338	22609	1.000,00 €
F/2015/410	16/01/15	P14/19063	31/12/14	La Voz de Galicia	PUBLICACION PXOM	151	22602	275,88 €
F/2015/419	19/01/15	53	17/12/14	Carpintería Agrelo Franco, S.L.	COLOCACION DE RASTREL SOPORTE E FIXACION PANEIS PXOM NO CUARTEL VELLO	151	22799	429,55 €
F/2015/424	23/01/15	141295	30/12/14	Hispania Protección y Seguridad, S.L.	REVISION EXTINTORES PARKING TARAGO	133	22799	113,26 €
F/2015/427	28/01/15	CGC-001/2014	05/08/14	Club Ciclista Barbanza	ORGANIZACION CAMPIONATOS DE GALICIA 2014 O 27-07-2014	341	22609	300,00 €
F/2015/429	28/01/15	V/9120	31/12/14	E. Varela e Hijos, S.L.	MATERIAIS PARA XARDINERIA	171	22199	10,60 €
F/2015/429	28/01/15	V/9120	31/12/14	E. Varela e Hijos, S.L.	MATERIAIS PARA XARDINERIA	171	22104	5,09 €
F/2015/431	28/01/15	V/9122	31/12/14	E. Varela e Hijos, S.L.	MATERIAIS PARA O CAMPO DE FUTBOL DE VILAS	342	22112	225,60 €
F/2015/433	28/01/15	V/3454	31/12/14	E. Varela e Hijos, S.L.	MANTEMENTO ALUMEADO PUBLICO	165	21300	2.321,46 €
F/2015/444	13/02/15	15/1350	12/02/15	Peycar Pontevedra,S.L.	VESTIARIO PARA PROTECCION CIVIL	135	22104	1.481,65 €
F/2015/570	27/03/15	1140711703964	27/02/15	Gas Natural S.U.R.	ALUMEADO PUBLICO. PASEO DA RIBEIRA. DENDE O 01-05-2014 O 01-07-2014	165	22100	3.448,29 €
F/2015/571	27/03/15	1140911682633	27/02/15	Gas Natural S.U.R.	ALUMEADO PUBLICO. PASEO DA RIBEIRA. DENDE O 01-07-2014 O 01-09-2014	165	22100	588,00 €
F/2015/671	27/03/15	1141040000222	27/02/15	Gas Natural S.U.R.	ALUMEADO PUBLICO. PASEO DA RIBEIRA. DENDE O 01-09-2014 O 22-10-2014	165	22100	793,63 €
F/2015/716	10/04/15	FE15321167599703	24/02/15	Gas Natural Servicios SDG, S.A.	ALUMEADO PUBLICO. CAMPO DE ARRIBA. DENDE O 06-02-2013 O 05-02-2014	165	22100	4.821,79 €
F/2015/717	10/04/15	FE15321166509261	11/02/15	Gas Natural Servicios SDG, S.A.	ALUMEADO PUBLICO. BURATA. DENDE O 27-09-2014 O 31-10-2014	165	22100	162,70 €
F/2015/810	26/03/15	14/01777	31/10/14	Felipe Ces, S.L.	MATERIAIS DE OBRA PARA O PASEO MARITIMO	1532	22114	60,21 €
F/2015/811	26/03/15	14/01778	31/10/14	Felipe Ces, S.L.	MATERIAIS DE OBRAS PARA ACERAS NA ATALAIA E CUNETA EMPRESA FLORA ASADOS	1532	22114	38,35 €
F/2015/811	26/03/15	14/01778	31/10/14	Felipe Ces, S.L.	MATERIAIS DE OBRAS PARA ACERAS NA ATALAIA E CUNETA EMPRESA FLORA ASADOS	454	22114	42,41 €
F/2015/812	26/03/15	14/01916	30/11/14	Felipe Ces, S.L.	MATERIAIS DE OBRA PARA ACERAS NA	1532	22114	9714 €

					MARTELA			
F/2015/814	26/03/15	14/02057	31/12/14	Felipe Ces, S.L.	MATERIAIS DE OBRA PARA ACERAS CARTOMIL	1532	22114	104,34 €
F/2015/816	26/03/15	14/02060	31/12/14	Felipe Ces, S.L.	MATERIAIS DE OBRA PARA CARPA FIN DE ANO 2014	338	22114	24,20 €
F/2015/944	28/04/15	1 181	14/04/14	Libr. SAR (Serculga,S.L.)	Toner hp Q2612a 1010-1012-1015-1020	9201	22000	159,50 €
F/2015/945	28/04/15	1 428	14/10/14	Libr. SAR (Serculga,S.L.)	Rotulador 1200 Negro cod. 07306 / Rotulador 1200 Azul cod. 07280 / Rotulador 1200 Vermello cod. 07320 / Rotulador 1200 V	9201	22000	340,65 €
F/2015/946	28/04/15	1 429	15/10/14	Libr. SAR (Serculga,S.L.)	Arquivador Definitivo Liderpapel 105 Fº Prol. Cod.14310 / Papel Bin A4 80grs. Navigator 500 cod. 28233	9201	22000	1.164,77 €
F/2015/984	13/02/15	FV/1404	31/12/14	Comercial M.Otero, S.L.	GRAVA E VIAXE DE AREA GORDA PARA OBRADOIRO	241	22114	280,72 €
F/2015/987	23/01/15	97006162	30/10/13	Fornecementos Galegos S.L.(Foga)	ALUGUER EQUIPOS INFORMATICOS ARI. NOVIEMBRE 2013	1522	21300	358,37 €
F/2015/992	09/03/15	19/14	31/07/14	FEDERACION DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA (FESSGA)	PROCESO DE SELECCION DE SOCORRISTAS 2014 (31-07-2014)	9201	22607	95,60 €
F/2015/993	09/03/15	18/14	17/07/14	FEDERACION DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA (FESSGA)	PROCESO DE SELECCION SOCORRISTAS 2014 (17-07-2014)	9201	22607	95,60 €
F/2015/1000	26/03/15	14/02058	31/12/14	Felipe Ces, S.L.	MATERIAIS OBRA PARA TAXEA DEVESA	454	22114	65,10 €
F/2015/1006	12/01/15	2900223723	29/12/14	LABAQUA, S.A.	REDACCION DE INFORMES SOBRE AS AUGAS DO POLIGONO INDUSTRIAL QUE NOS SOLICITOU A XUNTA DE GALICIA	161	22706	1.277,49 €
							IMPORTE TOTAL:	23.903,30 €

O 10/07/2015 a Intervención Municipal emitiu informe desfavorable IR 43/2015

Tendo en conta a doutrina xurisprudencial do enriquecemento inxusto, aplicable a estes supostos, xa que se trata de prestación realizadas de conformidade co concello, procede tramitar a aprobación e pagamento das facturas correspondentes, para evitar maior demora no seu abono.

A competencia para a aprobación deste expediente correspóndelle ao Pleno, de acordo coa base de execución 14ª.c) do orzamento

Esta Alcaldía PROPÓN AO PLENO A ADOPCIÓN DESTE ACORDO:

Primeiro: Resolución e levantamento do reparo suspensivo feito pola Intervención deste Concello e continuar coa tramitación do expediente de aprobación do gasto, da súa disposición e do recoñecemento de obrigas correspondentes aos gastos relacionados:

RELACIÓN DE FACTURAS F/2015/37

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Nombre	Texto Explicativo	Prog	Eco	Importe Total
F/2015/319	07/01/15	201400104	30/12/14	Manuel Anxo Ordóñez Sayans	TRASLADO DO PISON O DIA 02-12-2014	454	22300	190,72 €
F/2015/321	07/01/15	P 408.667	31/12/14	Editorial Compostela (El correo Gallego)	ANUNCIO FIN DE ANO 2014 NO EL CORREO GALLEGO	9201	22602	1.210,00 €
F/2015/322	07/01/15	P 409.021	31/12/14	Editorial Compostela (El correo Gallego)	ANUNCIO APROBACION INICIAL PXOM 04-12-2014 O 04-02-2015	151	22602	72,60 €
F/2015/325	09/01/15	PV14-492	31/12/14	Editorial La Capital,S.L.	ANUNCIO ESPECIAL NADAL 2014	9201	22602	847,00 €
F/2015/328	09/01/15	A 45475	31/12/14	Comercial Duarte, S.A.	ARRANXO MAQUINARIA DE OBRAS	171	21300	46,50 €
F/2015/331	09/01/15	002/15	09/01/15	Escola de Musica de Rianx	ACTUACION BANDA DA ESCOLA DE MUSICA DE RIANXO NA FESTA DE STA. LUCIA 2014 EN ASADOS	338	22609	1.080,00 €
F/2015/396	28/01/15	V/9125	31/12/14	E. Varela e Hijos, S.L.	MATERIAIS PARA O OBRADOIRO CUROTA	241	22114	64,66 €
F/2015/397	28/01/15	V/9124	31/12/14	E. Varela e Hijos, S.L.	MATERIAIS E LUCES DE NADAL 2014-2015	338	22199	209,87 €
F/2015/402	13/01/15	3/2014	31/12/14	Asociación Sociocultural Fogo Fatuo	ACTUACION NO AUDITORIO O 13-12-2014	338	22609	1.000,00 €
F/2015/410	16/01/15	P14/19063	31/12/14	La Voz de Galicia	PUBLICACION PXOM	151	22602	275,88 €

F/2015/419	19/01/15	53	17/12/14	Carpintería Agrelo Franco, S.L.	COLOCACION DE RASTREL SOPORTE E FIXACION PANEIS PXOM NO CUARTEL VELLO	151	22799	429,55 €
F/2015/424	23/01/15	141295	30/12/14	Hispania Protección y Seguridad, S.L.	REVISION EXTINTORES PARKING TARAGO	133	22799	113,26 €
F/2015/427	28/01/15	CGC-001/2014	05/08/14	Club Ciclista Barbanza	ORGANIZACION CAMPIONATOS DE GALICIA 2014 O 27-07-2014	341	22609	300,00 €
F/2015/429	28/01/15	V/9120	31/12/14	E. Varela e Hijos, S.L.	MATERIAIS PARA XARDINERIA	171	22199	10,60 €
F/2015/429	28/01/15	V/9120	31/12/14	E. Varela e Hijos, S.L.	MATERIAIS PARA XARDINERIA	171	22104	5,09 €
F/2015/431	28/01/15	V/9122	31/12/14	E. Varela e Hijos, S.L.	MATERIAIS PARA O CAMPO DE FUTBOL DE VILAS	342	22112	225,60 €
F/2015/433	28/01/15	Y/3454	31/12/14	E. Varela e Hijos, S.L.	MANTEMENTO ALUMEADO PUBLICO	165	21300	2.321,46 €
F/2015/444	13/02/15	15/1350	12/02/15	Peycar Pontevedra,S.L.	VESTIARIO PARA PROTECCION CIVIL	135	22104	1.481,65 €
F/2015/570	27/03/15	1140711703964	27/02/15	Gas Natural S.U.R.	ALUMEADO PUBLICO, PASEO DA RIBEIRA, DENDE O 01-05-2014 O 01-07-2014	165	22100	3.448,29 €
F/2015/571	27/03/15	1140911682633	27/02/15	Gas Natural S.U.R.	ALUMEADO PUBLICO, PASEO DA RIBEIRA, DENDE O 01-07-2014 O 01-09-2014	165	22100	588,00 €
F/2015/671	27/03/15	1141040000222	27/02/15	Gas Natural S.U.R.	ALUMEADO PUBLICO, PASEO DA RIBEIRA, DENDE O 01-09-2014 O 22-10-2014	165	22100	793,63 €
F/2015/716	10/04/15	FE15321167599703	24/02/15	Gas Natural Servicios SDG, S.A.	ALUMEADO PUBLICO, CAMPO DE ARRIBA, DENDE O 06-02-2013 O 05-02-2014	165	22100	4.821,79 €
F/2015/717	10/04/15	FE15321166509261	11/02/15	Gas Natural Servicios SDG, S.A.	ALUMEADO PUBLICO, BURATA, DENDE O 27-09-2014 O 31-10-2014	165	22100	162,70 €
F/2015/810	26/03/15	14/01777	31/10/14	Felipe Ces, S.L.	MATERIAIS DE OBRA PARA O PASEO MARITIMO	1532	22114	60,21 €
F/2015/811	26/03/15	14/01778	31/10/14	Felipe Ces, S.L.	MATERIAIS DE OBRAS PARA ACERAS NA ATALAIA E CUNETAS EMPRESA FLORA ASADOS	1532	22114	38,35 €
F/2015/811	26/03/15	14/01778	31/10/14	Felipe Ces, S.L.	MATERIAIS DE OBRAS PARA ACERAS NA ATALAIA E CUNETAS EMPRESA FLORA ASADOS	454	22114	42,41 €
F/2015/812	26/03/15	14/01916	30/11/14	Felipe Ces, S.L.	MATERIAIS DE OBRA PARA ACERAS NA MARTELA	1532	22114	97,14 €
F/2015/814	26/03/15	14/02057	31/12/14	Felipe Ces, S.L.	MATERIAIS DE OBRA PARA ACERAS CARTOMIL	1532	22114	104,34 €
F/2015/816	26/03/15	14/02060	31/12/14	Felipe Ces, S.L.	MATERIAIS DE OBRA PARA CARPA FIN DE ANO 2014	338	22114	24,20 €
F/2015/944	28/04/15	1181	14/04/14	Libr. SAR (Serculga,S.L.)	Toner hp Q2612a 1010-1012-1015-1020	9201	22000	159,50 €
F/2015/945	28/04/15	1428	14/10/14	Libr. SAR (Serculga,S.L.)	Rotulador 1200 Negro cod. 07306 / Rotulador 1200 Azul cod. 07280 / Rotulador 1200 Vermello cod. 07320 / Rotulador 1200 V	9201	22000	340,65 €
F/2015/946	28/04/15	1429	15/10/14	Libr. SAR (Serculga,S.L.)	Arquivador Definitivo Liderpaper 105 F9 Prol. Cod.14310 / Papel Din A4 80grs. Navigator 500 cod. 28233	9201	22000	1.164,77 €
F/2015/984	13/02/15	FV/1404	31/12/14	Comercial M.Otero, S.L.	GRAVA E VIAXE DE AREA GORDA PARA OBRADOIRO	241	22114	280,72 €
F/2015/987	23/01/15	97006162	30/10/13	Fornecementos Galegos S.L. (Foga)	ALUGUER EQUIPOS INFORMATICOS ARI. NOVEMBRO 2013	1522	21300	358,37 €
F/2015/992	09/03/15	19/14	31/07/14	FEDERACION DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA (FESSGA)	PROCESO DE SELECCION DE SOCORRISTAS 2014 (31-07-2014)	9201	22607	95,60 €
F/2015/993	09/03/15	18/14	17/07/14	FEDERACION DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA (FESSGA)	PROCESO DE SELECCION SOCORRISTAS 2014 (17-07-2014)	9201	22607	95,60 €
F/2015/1000	26/03/15	14/02058	31/12/14	Felipe Ces, S.L.	MATERIAIS OBRA PARA TAXEA DEVESA	454	22114	65,10 €
F/2015/1006	12/01/15	2900223723	29/12/14	LABAQUA, S.A.	REDACCION DE INFORMES SOBRE AS AUGAS DO POLIGONO INDUSTRIAL QUE NOS SOLICITOU A XUNTA DE GALICIA	161	22706	1.277,49 €
							IMPORTE TOTAL:	23.903,30 €

Segundo: Aprobar o gasto, a súa disposición e o recoñecemento de obrigas mediante recoñecemento extraxudicial 7/2015, con imputación ás aplicacións orzamentarias indicadas na táboa.>>

O alcalde pasa a palabra ao concelleiro de Economía e Facenda, Tobías Betanzos Rego, mais quere apuntar que hai unha factura que se corresponde coa Escola Municipal de Música da que o concelleiro é presidente, pero é de unha actuación anterior ao seu nomeamento como concelleiro, e aínda que vai a defender a proposta en conxunto vaise logo a ausentarse e absterse na votación.

O concelleiro Tobías Betanzos Rego explica a proposta que se corresponde con gastos de exercicios anteriores, di que o goberno ten claro que hai que axustar os gastos ao orzamento anual, claro está que iso depende da vontade do concello e neso se está. Engade que a situación devén do goberno anterior e os informes técnicos municipais informan da imposibilidade de atendelo, se ben son operacións ordinarias que se deben regularizar tal e como din os técnicos, deberase solventar.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, di que veu ver o expediente e no informe de intervención sinalase que as obras deben axustarse ao orzamento, pero considera que deben ter unha valoración previa, aínda así debe pagarse.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **M^a Carmen Figueira Ares**, di que o pagamento das facturas hai que facelo, mais debese reducir cando se trata de gastos de carácter reiterativo e na procura dunha maior e mellor relación calidade – prezo e coa súa verificación técnica, e proposta de gasto. Todo ilo contribuiría á contención do gasto.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, di que non van a apoiar a proposta, non porque os provedores ou contratistas non deban cobrar, e aínda que deduce que vaise aprobar, eles vanse a abster porque hai cousas que regularizar no procedemento e se fixeron gastos por enriba do crédito orzamentario. Ademais estas facturas van a minorar os créditos do orzamento en curso, e xa a interventora avisara de que de atenderse a gastos de exercicios anteriores o crédito orzamentario non sería suficiente. Aínda así, o vicevoceiro engade que sabe que se fixeron esforzos por mellorar a situación pero débese insistir nelo e polo exposto, non a van a apoiar.

A voceira do grupo do B.N.G., **Adelina Ces Quintáns**, amosa conformidade coa proposta, engadindo que non sempre se pode regularizar ou ter partidas para imprevisibles, as veces a urxencia impide buscar a mellor oferta. Irase vendo neste mandato coas restricións económicos , procurarase non facer gastos por enriba do crédito. Contéstalle á voceira do PSOE que ela sabe que isto sucede e non é o mais correcto, pero hai que cumprir cos contratantes.

O alcalde, toma a palabra para dicir que hai que engadir a existencia de limitacións orzamentarias: o Sr. Montoro prioriza pagar primeiro aos bancos en vez de aos contratistas ou o crédito que o Concello de Rianxo ten pendente de devolver e que rematara en breve.

O alcalde presume de que este goberno cando menos non deixa as facturas no caixón se traen ao pleno para dalas a coñecer e abonalas. Na medida en que o concello sexa mais autónomo disporase de maior crédito, no exercicio e non se precisaran recoñecementos extraxudiciais, en vez de traer un expediente vanse tramitando varios expedientes e

aprobando axustando o gasto, se o goberno estatal abre a man poderase mellorar a situación.

O concelleiro Tobias Betanzos Rego sae da sesión do pleno (ao abeiro do artigo 46.2d) Lei 7/1985, a ausencia unha vez iniciada a deliberación equivale a abstención)

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 11 votos a favor (5 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 2 dos membros do grupo SON), cero votos en contra e 5 abstencións (dos 4 membros do grupo PP e 1 membro do BNG) dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA nos termos desta.-/**

6.- PROPOSTA DE FESTIVOS LOCAIS 2016.-

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez da conta da proposta de Alcaldía, que consta no expediente, que se transcribe a continuación:

<<Pendente de publicarse no Diario Oficial de Galicia o Calendario laboral para o ano 2016 na Comunidade Autónoma de Galicia, mais sabido que serán o martes 17/05 Día das Letras Galegas, o venres 24/06 San Xoan e o luns 25/07 Día da Comunidade Autónoma Galega/ Santiago Apóstolo.

Conforme ao establecido no artigo 37.2 do Real decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e no artigo 45 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, no que se prevé que: “ *serán tamén inhábiles para o traballo retribuídos e non recuperables, ata dous días de cada ano natural con carácter de festas locais que por tradición lle sexan propias en cada municipio, determinándose pola autoridade laboral competente –a proposta do Pleno do Concello correspondente- e publicándose no Boletín oficial da Comunidade Autónoma e, no seu caso, no Boletín oficial da Provincia*”.

Pola presente, esta Alcaldía propón ao Pleno corporativo o seguinte

ACORDO:

Primeiro: Sinalar como Festas Locais deste Concello para o ano 2016, os seguintes días:

- martes de entroido: 09 de febreiro
- Venres de Guadalupe: 16 de setembro

Segundo: Comunicar á Delegación da Consellería de Traballo e Benestar para o seu coñecemento e efectos.>>

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, di que non teñen proposta alternativa, se ben o seu grupo considera que o martes de entroido debería dinamizarse polo concello, como acontecera noutros anos, engade que sería unha idea o do 31 de decembro, día da patroa Santa Columba.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **Mª Carmen Figueira Ares**, amosa estar de acordo coa proposta.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, amosa estar de acordo coa proposta e felicitar porque a alcaldía procurara previamente poñerse de acordo cos voceiros sendo algo importante para o pobo.

A voceira do grupo do B.N.G., **Adelina Ces Quintáns**, di que as veces o orzamento non permite darlle ao pobo os festivos que lles gustaría pero procurase levar a cabo a solicitada dinamización. E en canto ao 31 de decembro pódese mirar e poñerse de acordo.

O alcalde apunta que este tema entronca coas sensibilidades das parroquias e as súas patroas, pódese ver o que sexa mais acaida ou de agrado para todos os veciños.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, sendo aprobada por unanimidade, cos votos a favor do total dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA nos termos desta.-/**

7.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

7.1.- MOCION DO PSOE: SOLICITUDE DE PEDIATRA PARA O CENTRO DE SAÚDE (R.E. Nº. 6253 do 27/07/2015)

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do grupo municipal PP, Vanesa Martínez Duran, di que non se van a pronunciar nas mocións que se presentaron fora de prazo, e non o tiveron coa documentación en papel, seguindo a tónica que se había adoptado. Houbo un mes para presentalas.

A voceira do grupo municipal do PSOE, Mª Carmen Figueira Ares, di que a urxencia xurde e lle gustaría tratala.

O alcalde, di que o tema do pediatra xa é de difícil arranxo porque pasa todos os anos. Preguntalle á voceira do PSOE se a presenta finalmente ou a retira e esta mantena, así que dálle a palabra.

A voceira do grupo municipal do PSOE, Mª Carmen Figueira Ares, xustifica a urxencia na situación actual do centro de saúde sen pediatra.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia con 12 votos a favor** (6 do BNG, 4 do PSOE e 2 de SON, abstencións 4 dos PP do total de 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do grupo municipal do PSOE, Mª Carmen Figueira Ares, lee a moción:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Rianxo conta no seu Centro de Saúde con un só médico pediatra para atender un cupo de máis de 1300 nenos e nenas de idades comprendidas entre os 0 e 14 anos.

Nestes momentos, a consulta desta especialidade xa se encontra masificada de máis, xa que cada día este profesional ten que atender unha media de 40 usuarios. Isto fai que por moi boa vontade que lle poña o médico, o tempo dispoñible non lle permite atender aos pacientes como merecen e como a el lle gustaría.

Tendo en conta que a tendencia de crecemento neste sector da poboación vai en aumento (ata maio xa naceran 33 novos rianxeiros e rianxeiras), consideramos que é necesario un pediatra máis.

Este feito evitaría tamén que en períodos de vacacións ou baixa do pediatra, no noso Centro de Saúde, non haxa quen atenda aos nosos nenos e nenas cando están enfermos e teñan que desprazarse ao Centro de Saúde de Boiro para poder ser consultados.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Rianxo presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal o seguinte ACORDO:

O Pleno do Concello de Rianxo solicite da Consellería de Sanidade sexa asignado ao noso Centro de Saúde un/unha pediatra máis para que os nosos nenos e nenas podan ser atendidos como se merecen.>>

O alcalde abre a quenda de intervencións.

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, di que non viran o texto da moción mais é certo que é unha petición recorrente nestes anos e vanna a apoiar.

A voceira do grupo do B.N.G, **Adelina Ces Quintáns**, di que a van a apoiar máxime cando entronca ca situación actual que parece un desmantelamento da sanidade pública, así e que van loitar por ela.

O Partido Popular rexeita a palabra por achegarse a moción aos grupos despois da convocatoria

O alcalde dirxese á voceira propoñente da moción para pregarlle que se faga o seguinte engadido, formulando emenda no texto da solicitude de xeito que onde di:

“O Pleno do Concello de Rianxo solicita da Consellería de Sanidade sexa asignado ao noso Centro de Saúde un/unha pediatra máis para que os nosos nenos e nenas podan ser atendidos como se merecen.”

Diga:

“O Pleno do Concello de Rianxo solicita da Consellería de Sanidade sexa asignado ao noso Centro de Saúde un/unha pediatra máis para que os nosos nenos e nenas podan ser atendidos como se merecen. Asemade solicitase que se substitúa ao pediatra nas vacacións e ao resto do persoal sanitario.”

A voceira do PSdeG-PSOE acepta a incorporación indicada polo BNG no texto.

O vicevoceiro do PP, Norberto Uzal, prega que se lles tivera en conta para estudar os temas con carácter previo.

Rematado o debate, sométese a moción co engadido efectuado a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 2 dos membros do grupo SON), ceros votos en contra e 4 abstencións (dos 4 membros do grupo PP) dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA nos termos seguintes:**

O Pleno do Concello de Rianxo solicita da Consellería de Sanidade sexa asignado ao noso Centro de Saúde un/unha pediatra máis para que os nosos nenos e nenas podan ser atendidos como se merecen. Asemade solicitase que se substitúa ao pediatra nas vacacións e ao resto do persoal sanitario.

7.2.- MOCION DO PSOE: SENTENZA DO XULGADO DO MERCANTIL DE PONTEVEDRA SOBRE A DENOMINACIÓN DE ORIXEN DO MEXILLÓN.

A voceira do grupo municipal PSOE opta por non sometela ao pleno finalmente.

7.3.- MOCION CONXUNTA PRESENTADA POLO BNG e SON: DEFENSA DO SECTOR LÁCTEO GALEGO.(R.E. nº. 6093 do 17/07/2015)

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do BNG Adelina Ces Quintáns coa conformidade do voceiro de SON (que achegaron cada un a respectiva proposta) o xustifica a urxencia, ante a baixada de prezos do sector lácteo. Acordan publicamente presentar directamente o texto que se recolle deseguido.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

Adelina Ces Quintáns, lee a moción.

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación do sector lácteo en Galiza a día de hoxe pódese cualificar de dramática. Após o inicio desta campaña, a primeira logo da desaparición das cotas lácteas e en que a produción fica totalmente liberalizada, a situación en Galiza estase volvendo absolutamente insostíbel para as explotacións.

A ausencia da adopción de medidas e de decisións políticas por parte do Goberno Galego e do Estado para preparar ao sector para poder competir neste novo escenario está provocando consecuencias desastrosas.

Levamos varios meses de caídas continuadas dos prezos en orixe que obrigan ás explotacións a vender o seu produto por debaixo dos custes de produción e afrontando importantes perdas. Esta situación deriva da nula capacidade de negociación para os e as gandeiras que se ven sometidas aos ditados das grandes multinacionais da industria que, como xe denunciou mesmo o Tribunal da Competencia, estableceron un complot para provocar esa baixada de prezos, sen que o Goberno mova un dedo para defender o sector ou protexelo ante esa situación.

Esta práctica ten consecuencias especialmente graves en Galiza, onde actualmente xa se están asinando contratos por debaixo dos 20 céntimos.

Por outra banda, xa desde o Bloque Nacionalista Galego, vimos denunciando desde hai meses que, coa liberación do sector, na práctica as industrias son as que establecen agora as novas cotas á produción, deixando totalmente desvalido o sector produtor. Así, mentres no resto do Estado español a Unión Europea se está a incrementar a produción, en Galiza estanse establecendo mecanismos de restrición. As industrias son as que determinan, canto, cando e onde se pode producir leite. Esta dinámica vese ademais reforzada pola falta de acción e intervención dos gobernos galego e estatal, que fican impasíbeis a pesar da gravidade da situación que pode condicionar non só o presente do sector, senón o seu futuro e viabilidade a longo prazo.

As consecuencias mais graves deste feito comezáronse a percibir de forma mais estendida nos últimos días. Tanto algunha industria como algúns primeiros compradores deciden unilateralmente, se previo aviso e incumprindo os contratos asinados, que deixan leite sen recoller nas explotacións. Isto provoca, obviamente, unha situación terrible por tratarse dun produto perecedeiro que está obrigado, en moitos casos a tirar o leite, xa que existen mesmo dificultades para atopar que llelo recolla case que “regalado”.

De se manter esta situación durante mais días pode acabar por ser irreversible para moitas explotacións que, en moitos casos, levan meses botando man dos aforros para poderen manter a produción neste contexto de prezos.

O sector lácteo é a columna vertebral da economía rural, mesmo da persistencia de vida no rural en moitas comarcas. Non podemos consentir que peche nin unha explotación mais.

Non podemos seguir agardando, vendo como se esfarea un sector punteiro e viábel, sen que se tomen decisións urxentes para atallar a situación.

Por estas razóns o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo pleno do Concello esta moción propoñendo a adopción dos seguintes acordos:

1. O concello de Rianxo comprométese firmemente coa defensa do sector lácteo, co dereito a producir dos e das gandeiros e coa garantía de prezos en orixe xustos, para o cal adoptará posicións e demandas públicas contundentes na consecución deste obxectivo, situándose do lado do sector produtor asumindo as súas demandas nesta crítica situación.

2. Instar ao Goberno Galego e ao Goberno do Estado a fin de que a través de todos os mecanismos de que dispoñan apremen ás industrias e aos primeiros compradores a garantir a recollida de todo o leite que se produza nas explotacións galegas.

3. Instar ao Goberno Galego a que garanta a percepción dun prezo do leite en orixe xusto e que cubra os gastos de produción para o cal se adoptarán as seguintes medidas:

a.- Crear un instrumento interprofesional de negociación e decisión coa participación do sector produtor, industria e distribución, actuando a administración como mediadora e catalizadora de acordos e velando polo cumprimento destes.

b.- Estabelecer, nese ámbito, os criterios e indicadores sobre os que debe construírse a cadea de valor do leite e, por tanto, o prezo a percibir polos produtores e produtoras que, en ningún caso, poderá ser inferior ao de produción, así como os mecanismos para garantir a recollida da produción.

c.- Reclamar a modificación do Real decreto 125/2015 coa finalidade de introducir mecanismos que garantan a posibilidade real de negociación entre produtores e industrias das condicións contractuais; mecanismos de garantía de recollida de produción, así como do volume e marxe de tolerancia, así como de instrumentos de mediación e vixilancia de cumprimento das condicións de negociación e cumprimentos contractuais.

4. Urxir ao Goberno Galego a que realice unha campaña de inspección no ámbito das súas competencias, e instar ao Estado a que faga o propio no ámbito das súas, para perseguir e sancionar as prácticas de dumping nas grandes áreas de distribución evitando a banalización do leite e a súa utilización como elemento de reclamo mediante a súa venda a perdas..>>

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, e en aras da brevidade sumase ao exposto pola voceira do BNG.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **M^a Carmen Figueira Ares**, sinala que están de acordo para un mellor futuro do sector lácteo.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, quere facer unha emenda mais antes estima que debe aclararse que non é unha situación tan mala xa que se esta a uns prezos superiores aos de 2010 e equivalentes aos de 2012. Di que estase ante un problema de superproducción que non afecta só a Galicia, que leva aos gandeiros a tirar leite por non poder asumilo a industria. En todos os países da Unión Europea (agás en Grecia) medraron as entregas de leite no período marzo-abril con respecto ao mesmo período do ano pasado. Estamos ante un problema de desaxuste entre oferta e a demanda de leite. Non estamos ante un problema de deslocalización nin perdendo capacidade produtiva. A produción deste período é a mais elevada da serie histórica. Agora un problema de prezos xa que é superior por exemplo ao litro de leite en Alemaña. Agora estase a falar do recurso do mediador e a través da lei de 2015 sobre esta figura paralizárase pola UE xa que a posibilidade de recorrer a ela debe ser voluntaria. Engade que os sindicatos do sector agrario pediron que se incrementara e estima que se esta ante problemas puntuais que hai que afrontar e mellorar, de feito o ano 2007 foi o peor prezo da leite gobernando outros partidos na Xunta de Galicia.

O texto da emenda - aclara que sería engadido aos puntos da mocións do BNG e SON- que propón é o seguinte

<<O pleno do concello de Rianxo comprométese coa defensa do sector lácteo e insta aos gobernos estatal e autonómico a continuar coa adopción das medidas precisas, dende o seu ámbito competencial, para garantir unha axeitada construción de prezos e un adecuado equilibrio entre a oferta e a demanda na cadea de transformación do sector lácteo, e ás organización de produtores e organizacións agrarias a desenvolver as facultades outorgadas na normativa en toda a súa intensidade para acadar estes obxectivos.>

A voceira do grupo do B.N.G, **Adelina Ces Quintáns**, amosa conformidade.

O alcalde di que o certo é que as cuotas se deron e se quitaron segundo interesaron, algo pasa cando tanta xente se xunta en Santiago de Compostela, non se pode dicir que é unha cousa puntual.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, di que se refería unicamente a recollida.

O alcalde insiste en que é un problema de fondo que afecta ao pobo galego.

Rematado o debate, sométese a moción coa emenda formulada a VOTACIÓN, aprobada por unanimidade dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA coa emenda sinalada sendo o texto final o seguinte:**

1. O concello de Rianxo comprométese firmemente coa defensa do sector lácteo, co dereito a producir dos e das gandeiras e coa garantía de prezos en orixe xustos, para o cal adoptará posicións e demandas públicas contundentes na consecución deste obxectivos, situándose do lado do sector produtor asumindo as súas demandas nesta crítica situación.
2. Instar ao Goberno Galego e ao Goberno do Estado a fin de que a través de todos os mecanismos de que dispoñan apremen ás industrias e aos primeiros compradores a garantir a recollida de todo o leite que se produza nas explotacións galegas.
3. Instar ao Goberno Galego a que garanta a percepción dun prezo do leite en orixe xusto e que cubra os gastos de produción para o cal se adoptarán as seguintes medidas:

a.- Crear un instrumento interprofesional de negociación e decisión coa participación do sector produtor, industria e distribución, actuando a administración como mediadora e catalizadora de acordos e velando polo cumprimento destes.

b.- Estabelecer, nese ámbito, os criterios e indicadores sobre os que debe construírse a cadea de valor do leite e, por tanto, o prezo a percibir polos produtores e produtoras que, en ningún caso, poderá ser inferior ao de produción, así como os mecanismos para garantir a recollida da produción.

c.- Reclamar a modificación do Real decreto 125/2015 coa finalidade de introducir mecanismos que garantan a posibilidade real de negociación entre produtores e industrias das condicións contractuais; mecanismos de garantía de recollida de produción, así como do volume e marxe de tolerancia, así como de instrumentos de mediación e vixilancia de cumprimento das condicións de negociación e cumprimentos contractuais.

4. Urxir ao Goberno Galego a que realice unha campaña de inspección no ámbito das súas competencias, e instar ao Estado a que faga o propio no ámbito das súas, para perseguir e sancionar as prácticas de dumping nas grandes áreas de distribución evitando a banalización do leite e a súa utilización como elemento de reclamo mediante a súa venda a perdas.

5. O pleno do concello de Rianxo comprométese coa defensa do sector lácteo e insta aos gobernos estatal e autonómico a continuar coa adopción das medidas precisas, dende o seu ámbito competencial, para garantir unha axeitada construción de prezos e un adecuado equilibrio entre a oferta e a demanda na cadea de transformación do sector lácteo, e ás organización de produtores e organizacións agrarias a desenvolver as facultades outorgadas na normativa en toda a súa intensidade para acadar estes obxectivos.>>

7.4.- MOCION DO PSOE: REGULACION FISCAL ACTIVIDADE ORQUESTRAS E FESTAS POPULARES.(R.E. nº. 6221 do 24/07/2015)

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **Mª Carmen Figueira Ares**, defende a urxencia pola unión das verbenas populares coas tradicións do pobo galego.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

Mª Carmen Figueira Ares, lee a moción.

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia ten unha forte tradición popular vinculada ás festas populares que cada ano se celebran vinculadas ás parroquias. Non obstante cabe destacar que a pesar de haber en Galicia 314 concellos, estes divídense á súa vez en 3.792 sedes eclesiásticas que conforman as denominadas parroquias.

Tan arraigada está a tradición da “festa galega” que en case todas estas parroquias, polo menos unha vez o ano, se celebra unha festividade anual que contén sempre unha actuación musical en directo. É por isto que o número de verbenas en Galicia é superior a 3.000 por ano acadando a cifra de 12.000 actuacións musicais vinculadas a estas celebracións, o que deu lugar a unha industria musical propia e enmarcada dentro deste conglomerado lúdico, festivo e singular que “move máis

recursos e xera máis emprego que todas as actividades musicais que se desenvolven hoxe en Galicia”.

O xeito de organizar e sufragar estas festas responde, en máis do 90 % dos casos, á promoción, xestión e financiamento por parte dos veciños das respectivas parroquias, que se organizan en comisións de festas, asociacións de veciños, etc. Este é un factor diferencial de organización das festas en Galicia con respecto ao resto de España, xa que fóra da nosa comunidade as festas son organizadas por organismos públicos e non directamente polos veciños.

É por isto que estamos asistindo a unha mobilización masiva do sector que manifesta unha fonda preocupación pola supervivencia desta actividade económica: dende as propias orquestras, os músicos e os promotores, que piden que se leve a cabo unha regulación do dito sector por parte da Administración, que teña en conta as especificidades de Galicia e que non poña en perigo un sector que factura uns 60 millóns de euros e emprega a máis de 7.000 persoas relacionadas co sector do espectáculo. Ademais do impacto que estas celebracións teñen a nivel social e tamén noutros sectores como son o turismo e a hostalería.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Rianxo presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal o seguinte ACORDO:

O Pleno do Concello de Rianxo insta ó Goberno galego para que se dirixa ó Goberno de España, previo diálogo co sector citado, en demanda dunha regulación fiscal que atenda as súas peculiaridades e dunha revisión da lexislación de espectáculos e das licenzas de actividades correspondentes, hoxe fortemente restritivas da actividade das orquestras e das festas populares.>>

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, di que se van a abster e como lle dixo antes na proposta, porque a risco de ser insensibles co tema apunta o negocio das festas, non polas comisións (que se limitan a xuntar os cartos) senón pola distribución entre dous “cartels”. Sabe que hai obrigas laborais e moitas veces hai 12 persoas traballando e, sen embargo, están dadas de alta catro. Están de acordo coa aprobación do regulamento pero existen moitos outros aspectos a afrontar.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, pregunta respectuosamente cal é o fin da moción, cal é o problema e que solicitan, non sendo fervente crente, engade que as parroquias non só e divisións relixiosas senón tamén administrativas. O negocio ao que aludía o voceiro de SON é efectivamente algo que non só pasa en Galicia. Non poden votar a favor porque non entenden que pretende a moción e van votar en contra.

A voceira do grupo do B.N.G, **Adelina Ces Quintáns**, di que tamén estudaron detidamente a proposta e observaron, nun primeiro lugar, que as orquestras non son de arraigo popular xa que iso podía ser recoñecido ás bandas de gaitas. En canto ás empresas de orquestras que distribúen o negocio, hai moitos grupos que tamén viven desto, e xa no texto da proposta o de instar ao goberno estatal sería mais demandar, aparte do tema fiscal o da precariedade laboral.

A voceira do BNG propón o engadido dunha emenda con ese paragrafo.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **M^a Carmen Figueira Ares**, trata de aclarar o fin que se persegue, e tamén é estar ao lado do mais débil.

Os voceiros dos grupos do BNG e PP din que non recolle iso a moción.

O alcalde invita á voceira do PSdeG-PSOE a darlle unha volta á proposta, rexeita a practica que algunhas empresas levan acabo, incumprindo a normativa.

Votase a retirada da moción.

Rematado o debate, sométese a retirada da moción recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 15 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PP, 3 dos membros do grupo PSOE e 2 dos membros do grupo SON), cero votos en contra e 1 abstención (da concelleira membro do grupo PSOE M^a Demelsa Iglesias Collazo,) dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, **resulta RETIRADA a moción.-/**

8.- ROGOS E PREGUNTAS.-

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, formula os seguintes Rogos:

R.1.- Sobre a situación que o mercadillo pode producir cando coinciden en domingo outros eventos (festa do libro, festa do Carmen....). Non estando en contra do mercadillo, roga se adopten medidas para unha mellor compatibilidade do mercadillo con outras actividade.

O alcalde resposta que chegoulle a sorpresa favorable de que coincidira o mercadillo coa festa do libro, e que xa se lles avisara. Preguntarase aos dos eventos que xurdan.

R.2.- sobre as praias para ir con mascotas, sabe que houbo iniciativas pero finalmente só 4 praias de Galicia permiten que os donos gocen dos seus animais. Roga que nun dos areais do concello poda accederse por eles, o que pode ademais ser un elemento diferente e dinamizador do turismo.

O alcalde pide que se propoña que praia, engade que non todo o mundo apoia a convivencia con elas.

R.3.- Estando de acordo da periodicidade mensual das sesións plenarias que permite acadar a transparencia, roga que se dispoña da documentación o venres anterior e así ter o fin de semana polo medio.

O alcalde toma nota de achegar a documentación con anterioridade, mais os técnicos as veces esgotan o tempo e hai que lembrar que cada vinte e poucos días tense un novo pleno.

R.4.- No tocante á recollida do lixo en Tronco, sabe que é dúas veces por semana e roga que puidera ser unha mais en verán e de poder ser de xeito inmediato, polas datas en que estamos.

O alcalde di que se mirará, descoñecía o dos 15 días, é moito tempo.

R.5.- Respecto da documentación dos plenos, solicita que se de a difusión dos informes dos habilitados e se faciliten co pleno ou ben acceso telemático; e que nos acordos se reflectan os informes desfavorables dos Funcionarios habilitados estatais.

O alcalde toma nota.

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, formula as seguintes preguntas:

P.1.- o 22 de xullo houbo un accidente na autovía e presentouse unha patrulla da policía local de Rianxo, e non sabe se se pode dar o nome, pero era un auxiliar soamente, que é manifestamente ilegal, saber si se ten repetido esta cuestión nesta tempada.

Deixase a resposta para o próximo pleno.

P.2.- porque se dispón pola Policía Local dun só vehículo, cando normalmente eran dous, e porque non se pediu a orde da subvención que parece houbo excedentes.

Deixase a resposta para o próximo pleno.

P.3.- Que prazos se manexan para aprobar un novo inventario, tendo en conta o que informara a secretaria cara o pleno constitutivo.

Deixase a resposta para o próximo pleno.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **Mª Carmen Figueira Ares**, formula as seguintes preguntas:

P.1.- Queremos saber se o tramo que se asfaltou este mes na estrada que vai dende Campo Maneiro a Ourille xa está rematado. Esperamos que non sexa así, porque tal como quedou supón un perigo para os que a utilicen, xa que lle quedou un chanzo na beira e se hai que apartar, pódese ir a roda. Tamén é necesario que se pinte, xa que nos días e noites de névoa, é a única guía coa que contan os condutores e condutoras que teñen que transitar por esa estrada.

Non entendemos tampouco, porque ese tramo non se fixo nas mesmas condicións que o anterior tramo que se asfaltou en novembro. A veciñanza de Ourille e Pastoriza están moi descontentos e non nos estrañe, porque eles son sabedores do que custan as cousas, pero prefiren que se lles fagan ben, aínda que sexan menos metros.

O alcalde contesta que respecto da estrada de Ourille se está a facer un esforzo importante; o repintado esta previsto e se esta negociando coa empresa que fixo a obra para facelo, e se esta a mirar as obrigas respecto da obra aprobada e adxudicada; Ourille esgotou a partida do PEIM en 2014 e 2015 e agora haberá que tomar a decisión de si se quere seguir.

P.2.- Con que periodicidade se fai a desratización na vila? Porque os que viven na zona vella quéixanse de que se ven ratas pola rúa e teñen medo que lles entren nas casas.

Deixase a resposta para o próximo pleno.

P.3.- Sábese cando se vai arranxar e pintar a rúa Arcos Moldes?

O alcalde di en xeral, que sobre a reparación das estradas municipais verase de incluílas nalgún plan da Deputación.

P.4.- Cando se vai arranxar a Casa da República?, porque cando chove moito entra auga, sobre todo no salón de abaixo e ás veces ata afecta á instalación eléctrica, co perigo que Iso supón.

Deixase a resposta para o próximo pleno.

P.5.- *Tivo algún contacto cos encargados de acondicionar as propiedades que estiveron ocupadas por mor das obras do Viaduto sobre o río Ulla e que en teoría teñen que deixalas como estaban antes da ocupación? Os veciños e veciñas din que estiveron a levar terra de alí. Iso agora xa non se pode comprobar, pero o que si hai que mirar é porque as leiras podan voltar a ser produtivas como eran antes e coidar que a reposición da terra vexetal sexa na cantidade adecuada. O Concello debe estar ao carón da veciñanza afectada e esixir que se cumpran os compromisos que se adquiriron para a reposición das súas propiedades ao estado previo á ocupación.*

Deixase a resposta para o próximo pleno.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, M^a Carmen Figueira Ares, formula os seguintes rogos:

R.1.- *Que se estude a posibilidade de poñer un sinal de intersección sobre a vía pola dereita na saída da pista que ven da Devesa da Vacariza polo Coto e sae a estrada que vai dende a ponte de Catoira á autovía. Non hai moita visibilidade na saída, nin é moi visible para os coches que veñen da ponte, porque por alí hai agora un viaduto do tren. Xa ten habido algún accidente na incorporación, xa que os coches circulan a moita velocidade.*

O alcalde toma nota.

R.2.- *Que se dote a cada parroquia de un parque infantil homologado, polo menos, para que os nosos nenos e nenas podan xogar xuntos e con seguridade. Mentres tanto, é necesario que se arranxen e se manteñan os que hai, porque en case todos parte deles teñen a madeira podre. Por exemplo, en Quintáns os bambáns que hai están frouxos e o tobogán que hai detrás da escola ten os chanzos rotos.*

O alcalde di que compre tratalo nunha xuntanza de voceiros, ver os custes, nalgúns non basta reparación senón parques novos. De trinta parques é difícil telos nas mellores condicións, farían falta de cen mil euros ao ano para atendelos, habería que determinar os criterios para ver a cales ou porque orde se atenden.

R.3.- *Que se lle advirta aos que veñen librar os contedores de vidro, xa que ás veces cáenlles botellas no chan e despois non limpa a zona, quedando dese xeito un perigo para as persoas que pasen por alí.*

O alcalde toma nota.

R.4.- *Que se faga un mantemento á pista polideportiva de Isorna (as liñas non se notan ben, as porterías e as canastras están a romper, o peche está roto por varios sitios, hai avespas e as silveiras xa entran a dentro da pista)*

O alcalde di en xeral, que sobre a reparación das estradas municipais verase de incluílas nalgún plan da Deputación.

R.5.- *Que se limpe tamén as praias pequenas (como poden ser: a de Setefogas, A baixada á praia da Posta, a Susolmos, As Caldas,...) e se rocen os accesos a elas (o acceso á praia da Torre polo Périto). Xa sabemos que non pode ser coa periodicidade que se limpa as outras, pero a xente tamén ten dereito a estar comodamente na praia á que foi*

toda a vida. Algunhas con que se limpe ao principio do verán, dos restos dos temporais do inverno, xa é suficiente para que a xente poda gozar neses lugares.

O alcalde resposta que a comezos de ano fixéronse limpeza en praias cando non se da feito mais non se pode chegar a todo.

R.6.- *Que se habiliten puntos de información nas parroquias para que así a veciñanza poda estar informada das novas que hai no concello. Neste momento os taboleiros cos que contan algunhas das marquesiñas son moi pequenos e a información sempre está amoreada.*

O alcalde toma nota.

R.7.- *Que se limpe o cemiterio de Rianxo porque sobre todo na parte vella, hai moitas herbas entre as sepulturas .*

O alcalde toma nota da limpeza do cemiterio.

R.8.- *Que se rocen as beiras dos camiños. Hai zonas que non se limpa nada dende hai moito tempo.*

O alcalde toma nota da necesidade das rozas e mellorar a periodicidade dos mesmo.

R.9.- *Que se roce a zona que vai dende a Torre ata o Porto de Taragoña. A maioría dos terreos xa son do Concello e así as persoas que queiran poden aproveitar para poder pasear polo sendeiro que se abra.*

O alcalde toma nota da necesidade das rozas e mellorar a periodicidade dos mesmo.

R.10.- *Que se sinalice ben a entrada ó campo de fútbol de Vilas sobre todo na entrada polo Montegrande.*

O alcalde toma nota.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, **formula os seguintes rogos** (comenta que outros que tiñan preparados xa os formularon outros grupos):

R.1.- *Mantemento e reparación de escolas unitarias.*

O alcalde resposta que Rianxo é o concello que a pesar do seu tamaño é o que mais ten, en concreto 9 escolas unitarias, a resposta da administración pública autonómica cando se busca cofinanciamento é que corresponderíalle ao concello, algunhas datan dos anos 50, co cal o traballo estrutural é complexo en varias.

R.2.- *Sobre a recollida de lixo, prega a supervisión, pois no Araño chegouse ata 15 días.*

O alcalde di que se mirará, descoñecía o dos 15 días, é moito tempo.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, **fai as seguintes preguntas:**

P.1.- *Alumeado acendido en un par de lugares, non sabe porque.*

Deixase a resposta para o próximo pleno.

P.2.- *Sobre da escola infantil, pregunta sobre as deficiencias e se o concello esta facendo xestións ao respecto. Xa pasaron seis anos dende que se remataron as obras, non sabe se o debe facer o concello ou o Consorcio.*

Resposta da Alcaldía: Xa se fixeron as xestións, veu un técnico do consorcio para ver as necesidades, pediuse orzamento (repintado, arranxo de gretas....) e ten solicitado co presidente do consorcio unha reunión para valorar con eles xa que o concello non sabe o que resultou da inspección. Tamén encomendar ao departamento de obras que efectúe un repaso ao longo do mes, consultados ao proxectista, a arquitecta de asistencia técnica municipal e un técnico independente parece que non entraría na garantía de 10 anos das obras, e por ilo tratase de buscar unha complicidade das administracións competentes para arranxar o tema.

Sendo as 21:45 Horas ábrese a quenda de rogos e preguntas para o público asistente.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 21:48 HORAS, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde.

A Secretaria.

Adolfo Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo